

# MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A INSTALACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL PÚBLICA EN ARCOS DE FURCO

Ao Pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Un dos servizos públicos máis demandados e necesarios no noso municipio é o da escola infantil da rede pública da Xunta de Galicia. Son moitas as familias que se vén na obriga de desprazárense a outros municipios para a escolarización nestas unidades dos seus fillos e fillas, necesidade imprescindible para a conciliación da vida laboral e familiar. Para un concello rural como o noso, en claro declive demográfico e con carencias en servizos sociais, a dotación de recursos básicos é de vital importancia para a tan ansiada fixación de poboación e para dotar de posibilidades de futuro os proxectos de vida que aquelas familias queiran emprender na nosa vila e parroquias.

O 31 de maio de 2018 Veciñanza presentaba ante o Pleno Municipal desta Corporación unha moción para que o Concello de Cuntis iniciara os contactos coa Xunta de Galicia para retomar o proxecto do ano 2009 que contemplaba a construción dunha escola infantil pública. O Concello de Cuntis cedéralle por aquela altura unha parcela adicada a este fin ao ente público Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Lamentablemente, aquel proxecto non tivera continuidade e a día de hoxe Cuntis non conta con ningunha unidade das hoxe chamadas 'Galiña Azul'. En Cuntis existe unha demanda real que, como é obvio, atinxe principalmente á mocidade.

Aquela moción, que foi aprobada por unanimidade neste pleno, instaba ao Goberno Municipal do Concello de Cuntis a:

- iniciar os contactos coa Xunta de Galicia para a recuperación do proxecto de construción dunha escola infantil pública en Cuntis solicitando unha reunión co Conselleiro de Política Social.
- que o Grupo de Goberno coordine unha emenda conxunta dos grupos da Corporación Municipal ao Proxecto de Orzamentos do ano 2019 para a inclusión dunha partida para este proxecto

Malia a aprobación co voto favorable das forzas políticas que naquel momento ostentaban a responsabilidade de goberno, nada máis volvemos saber deste asunto. Non foi ata a chegada da campaña electoral cando a reclamación dunha escola infantil pública para Cuntis volveu asentarse na axenda política.

O pasado mes de xullo a Xunta de Galicia confirmaba o peche da única escola unitaria que se mantiña en activo no noso municipio, a de Arcos de Furco. Se ben esta unidade deixa de estar en servizo, as instalacións presentan unhas condicións idóneas para seren reutilizadas e aproveitadas. Ante esta situación, e tendo presente a necesidade de que en Cuntis poidamos contar cunha escola infantil pública da rede da Xunta de Galicia, as instalacións da escola unitaria de Arcos de Furco son unha magnífica alternativa que aforrará cando menos os custes de construción para ubicar alí unha unidade da Galiña Azul.



Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Municipal a valorar as condicións e os requerimentos técnicos necesarios para ubicar unha escola infantil pública nas instalacións da recén clausurada unitaria de Arcos de Furco
2. Instar ao Goberno Municipal a iniciar a tramitación necesaria a efectos de titularidade/propiedade/de-safectación para xestionar esta iniciativa
3. Instar ao Goberno Municipal a iniciar os contactos coa Consellaría de Política Social da Xunta de Galicia e solicitar unha reunión da Conselleira cos grupos da Corporación Municipal.
4. Dar traslado deste acordo á Consellaría de Política Social da Xunta de Galicia.

Cuntis, 02 de setembro de 2019

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López